



## **CIRCULAR 92-2021**

### **XII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE 5 KM. RUTA E DAS CATEGORÍAS SUB 18, SUB 20, SUB 23 E MÁSTER**

- *A todas as delegacións da FGA.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

**Art.1).-** O domingo 26 de setembro de 2021 celebrarase en Bertamiráns (Ames), nun circuíto urbano e homologado pola RFEA o XII Campionato de Galicia Absoluto en ruta de 5 km, e das categorías Sub18, Sub20, Sub23 e Máster. O evento estará organizado conxuntamente polo Concello de Ames e a Federación Galega de Atletismo.

**Art.2).-** Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2021.

**Art.3).-** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do luns 20 de setembro do 2021.**

Admitiranse atletas (a determinar o número final segundo protocolo Covid-19 vixente na data da proba).

**Art.4).-** As saídas terán lugar a partir das 10:30 h na Rúa Alcalde Lorenzo segundo o horario publicado previamente na web [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal) e na orde establecido segundo o protocolo covid-19 vixente no momento da proba. Farase unha serie coas 10 mellores marcas de inscrición, o resto de participantes agruparanse polas súas categorías.

**Art.5).-** Os tres primeiros atletas clasificados absolutos e das categorías Sub 18, Sub 20, Sub 23 e de todas as categorías Máster recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións no podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla correspondente.

**Art.6).-** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art.7).-** Os/as atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas co prazo límite de 15 minutos antes da súa saída programada e publicada previamente na web [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal).

Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos/as e en función do protocolo covid-19 vixente na data de celebración da proba.

Todos/as os/as participantes deberán presentar na cámara de chamadas a declaración responsable asinada publicada previamente na web [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.8).-** O aforo en certas zonas será controlado, segundo as indicacións establecidas no Protocolo da Federación Galega de Atletismo para a práctica do Atletismo – Fisicovid-DXT Galego para as probas en ruta e no propio protocolo da proba.

**Art.9).-** A organización establecerá distintos controis polo circuïto para controlar o paso dos participantes.

**Art. 10).-** O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuïces. Todas as reclamacións deberán facerse directamente ó xuïz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

**Art.11).-** Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros. As inscricións nas probas de control FGA terán un custo de 4 euros por proba.

**Art.12).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.13).-** Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

**Art.14).-** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 6 de setembro de 2021

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**